

## ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a inasistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

#### COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

#### COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

#### XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)

José Santiago Santos García (UXT, non asiste)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG, non asiste)

Acta da reunión celebrada ás 09.40 horas do 17 de outubro de 2012, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

### ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 23 de febreiro de 2012.
2. Cobertura temporal por substitución dunha praza de T.S. de Calidade a través do Servizo Galego de Colocación.
3. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión.
4. Rogos e preguntas.

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DO 23 DE FEBREIRO DE 2012.

Apróbase a acta por unanimidade.

### 2. COBERTURA TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE CALIDADE A TRAVÉS DO SERVIZO GALEGO DE COLOCACIÓN.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica a proposta enviada xunto coa convocatoria na que se indica a situación da Área de Calidade e por qué se considera necesario realizar unha oferta ao Servizo Galego de Emprego.

Os representantes de CCOO e UXT están de acordo mentres que o representante da CIG non o está porque considera que a utilización do Servizo Galego de Emprego

non garante os requisitos mínimos de publicidade e igualdade que requiren as contratacións laborais na administración.

Acórdase realizar inmediatamente a oferta para proceder á substitución coa maior prontitude,

### **3. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.**

O Vicexerente de Recursos Humanos indica que se está a aplicar a instrución xerencial en materia de contratos de substitución.

Tanto Luís Pérez como Ángel Torreiro solicitan que se estuden as posibilidades de ofrecer ás persoas con contratos por semanas alternas, de fin de semana ou a tempo parcial, outros contratos máis vantaxosos.

### **4. ROGOS E PREGUNTAS.**

O Vicexerente informa que para setembro de 2013 se prevé a entrada en funcionamento dun animalario, que precisará de persoal polo que cumprirá incluílo cando se retomen as negociacións da RPT laboral agora interrompidas. O documento de traballo de partida para a Xerencia será a proposta achegada pola Directora do CINBIO así como a análise das estruturas doutras universidades.

Luis Pérez indica que loxicamente este non é o foro para tratar temas de RPT.

O Vicexerente considera que en decembro tratará de informar da estrutura de persoal para esta nova dotación, coa perspectiva de convocar os procesos de selección do persoal nas categorías que se definan e dispor del no momento en que se produza a apertura do animalario.

A parte social está de acordo con esta previsión, inda que Manuel Marcos dubida que o edificio estea operativo en setembro do ano próximo.

Ángel Torreiro pregunta porqué non se substitúe ao Técnico Superior de Investigación destinado no ECIMAT que se atopa de baixa por IT.

O Vicexerente explica que aínda que se precisa tal substitución non é posible facelo por carecer de lista de agarda, xa que os técnicos contratados non proceden dun proceso de selección senón da transformación dos seus contratos como persoal técnico de apoio con cargo a subvencións do Ministerio.

Ángel Torreiro reitera que debería haber flexibilidade con aqueles contratos a tempo parcial, de fins de semana ou por semanas. O Vicexerente considera que os integrantes das listas de agarda deberían poder optar polo campus no que desexen traballar, como está establecido na Universidade de Santiago de Compostela.

Luis Pérez pregunta cal é o protocolo que se segue no Servizo de PAS cando un traballador renuncia a unha oferta por unha das causas establecidas como xustificadas no Acordo.

Margarita González explica que se lle pide certificado xustificativo de dita causa para quedar en situación de suspenso na lista e que para volver a estar activo na mesma deberán aportar documento que acredite o seu dereito.

Tanto Luis Pérez como María Fariza argumentan que para a incorporación á lista non se lles debería solicitar que aporten documentación algunha, sendo suficiente que indiquen a súa disposición, pero co requisito de que efectuada a reincorporación á lista non se admitirían novas renuncias pola mesma causa.

Ángel Torreiro pregunta sobre os pedimentos de dúas traballadoras fixas que queren permutar os seus destinos definitivos en Ourense e Vigo. O Xefe do Servizo de PAS indica que non é partidario de modificar os seus destinos mediante unha permuta, por tratarse dunha adxudicación definitiva, xa que isto pode resultar contrario ás expectativas e dereitos de traslado dos traballadores fixos que se formalizan e cumpren a través dos concursos, pero si se podería estudar a fórmula dun traslado provisional de carácter recíproco. Luis Pérez sinala que é partidario de que se se poden evitar desprazamentos se concedan as peticións.

Luís Pérez indica a necesidade de considerar os prazos e a persoa actualmente contratada por substitución dunha traballadora. O Vicexerente sinala que se estudarán as peticións detidamente e se ofrecerán as decisións aos traballadores.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11.15 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.